



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O  
DÍA 30 DE NOVIEMBRE DE 2006.**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. MARCOS BLANCO JORGE

**Concelleiros/as:**

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ  
(PSOE)

D<sup>a</sup>. MANUELA IGLESIAS  
COLLARTE (PSOE)

D. CONSTANTINO AREDA VIDAL  
(PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN  
(PSOE)

D. FRANCISCO XABIER CARREIRA  
SEBIO (BNG)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D. BRAULIO EXPÓSITO SOBRINO  
(PP)

D. SECUNDINO RODRÍGUEZ  
GÓMEZ (PP)

D. JULIO DABARCA CUIÑAS (PP)

D<sup>a</sup> MARÍA MARTÍNEZ ABAL (PP)

D. CARLOS A. PINAL HERMIDA  
(PP)

D<sup>a</sup> LUISA DEL CARMEN  
ESCUDEIRO CENTRÓN (BNG)

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día TRINTA de NOVIEMBRE de 2006 reúnese en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rordriguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

**Secretario Xeral:**

Vicente Soto Rodriguez

**Interventor:**

Vicente Soto Rodríguez

\*\*\*\*\*

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

### **1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 26 DE OUTUBRO PASADO (ORDINARIA).**

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección á acta do 26 de Outubro de 2006, ao que se lle resposta negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 29 de maio, unha, sobre aboamentos.

Do 1 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 21 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 28 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 31 de agosto, unha sobre aboamentos.

Do 1 de setembro, unha, sobre aboamentos.

Do 6 de setembro, unha, sobre aboamentos.

Do 14 de setembro, unha, sobre aboamentos.

Do 15 de setembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 25 de setembro, unha, sobre aboamentos.

Do 15 de outubro, unha, sobre aboamentos

Do 16 de outubro, unha, sobre aboamentos.

Do 17 de outubro, unha, sobre aboamentos.

Do 18 de outubro, dúas, sobre aboamentos.

Do 20 de outubro, dúas, sobre aboamentos.

Do 24 de outubro, tres, sobre aboamentos.

Do 25 de outubro, unha, sobre aboamentos.

Do 26 de outubro, dúas, sobre aboamentos.

Do 27 de outubro, catro, unha en materia de obras e outras da súa competencia e tres sobre aboamentos.

Do 28 de outubro, unha, sobre aboamentos.

Do 29 de outubro, unha, sobre aboamentos.

Do 30 de outubro, catro, sobre aboamentos.

Do 31 de outubro, catro, sobre aboamentos.

Do 2 de novembro, catro, unha sobre nomeamento de D. Jose Ignacio Gómez Pérez e D<sup>a</sup> Luísa del Carmen Escudero Centrón como representantes da entidade promotora no grupo mixto de selección de persoal do obradoiro de emprego “Labor Avia” e tres sobre aboamentos.

Do 3 de novembro, catro, tres sobre aboamentos e unha en materia de obras e outras da súa competencia.

Do 6 de novembro, cinco, unha sobre contratación de persoal para realización de servicios municipais e catro sobre aboamentos.

Do 7 de novembro, tres, unha sobre incoacción de expediente destinado ó restablecemento da legalidade urbanística e dúas sobre aboamentos.

Do 8 de novembro, dúas, sobre aboamentos

Do 9 de novembro, catro, tres sobre aboamentos e unha sobre asuntos da súa competencia.

Do 10 de novembro, cinco, catro sobre aboamentos e unha en materia de obras e outras da súa competencia.

Do 13 de novembro, unha, sobre contratación de persoal para realización de servicios municipais.

Do 14 de novembro, catro, sobre aboamentos.

Do 15 de novembro, catro, dúas sobre imposición de multas coercitivas, unha en materia de asuntos fiscais e unha sobre aboamentos.

Do 16 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 17 de novembro, dúas, unha en materia de obras e outras da súa competencia e unha sobre aboamentos.

Do 20 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 21 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 22 de novembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 23 de novembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 24 de novembro, unha, en materia de obras e outras da súa competencia.

Do 27 de novembro, unha, sobre aboamentos.

### **3.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA POLA PRESTACION DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DE TERREOS E SOARES.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas celebrada o pasado día 23 de Novembro que dí: "Intervén Don Javier Iglesias Sendín, Presidente efectivo da Comisión para explicar a conveniencia de aprobar dita Ordenanza, co obxecto de facer cumprir a ordenanza municipal de limpeza de terreos e soares e medidas preventivas contra incendios forestais, previo pago do prezo público que se cobrará conforme o disposto na presente Ordenanza.

De igual maneira, explica os criterios económicos que se seguiron a hora de fixar os prezos, sinalando que se fixo un cálculo sobre a base do que cobran empresas que se adican a realización destes traballos, incrementado nunha pequena cantidade co obxecto de non facerlle competencia desleal a ditas empresas.

Pásase a lectura dos puntos do acordo que se someterá a aprobación do Pleno e que teñen que ser ditaminados pola Comisión Informativa.

Pregúntase pola Presidencia se existe algunha pregunta ou aclaración, o que se lle resposta que non.

De seguido procedese á votación, resultando ditaminado favorablemente, cos votos a favor dos membros do grupo municipal do PSOE e do BNG, reservando o seu voto para o Pleno, os membros do grupo municipal do P.P., o seguinte acordo:

***"Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora pola prestación de servizos de limpeza de terreos e soares.***

***Segundo.- Expoñer ao público a devandita Ordenanza polo prazo de trinta días, por medio de anuncio no Taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentar***

*as suxestións e reclamacións que xulguen oportunas. De non habelas, a Ordenanza entenderase aprobada definitivamente.”*

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para manifestar a súa conformidade coa Ordenanza, xa que se está a prestar un servizo e no suposto de incumprimentos de ordes de execución hai que ter base para facer efectivo o cobro dos servizos prestados; di que haberá que contemplar supostos de imperiosa urxencia e a exoneración en casos puntuais motivados por falta de recursos e con informe dos servizos sociais.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar a súa conformidade coa Ordenanza, se ben o o tema proposto polo voceiro do grupo municipal do B.N.G. haberá que regulalo. Finaliza a súa intervención dicindo que se trata dunha aprobación inicial e que se estudiarán posibles alegacións durante o período de exposición o público.

Intervén Don Javier Iglesias Sendin, concelleiro do grupo municipal do P.S.O.E., manifestando que esta ordenanza ten a súa base nunha ordenanza xeral aprobada polo Concello para a limpeza de soares e terreos; di que con esto tratase de poñer solución o incumprimento de requerimentos e co obxecto de evitar riscos as propiedades e poboación.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para reiterar o manifestado sobre casos urxentes e persoas con falta de recursos; di que na ordenanza contemplase a posibilidade de contratar cunha empresa privada. Finaliza a súa intervención dicindo que con esta ordenanza no se trata de recadar, senón evitar riscos as propiedades e persoas, sinalando que se poden estudar posibles enmendas para presentar na vindeira comisión informativa.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita ordenanza, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E. e B.N.G.); abstencións, seis (P.P.).- Por conseguinte e, por maioría absoluta fica aprobada inicialmente a Ordenanza reguladora pola prestación de servizos de limpeza de terreos e soares segundo o teor que consta no expediente.

#### **4.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NO CONSELLO ESCOLAR DO C.P.I. “TOMAS DE LEMOS”, I.E.S. “ABRENTE” E I.E.S. “O RIBEIRO”.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Cultura celebrada o pasado día 23 de Novembro que dí: “Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón, Presidenta efectiva da Comisión da conta dos diversos escritos remitidos polas direccións dos centros escolares solicitando o nomeamento de representantes nos Consellos; dí que ata agora a representante era a Conselleira de Cultura polo que fai a seguinte proposta:

C.P.I. “Tomás de Lemos”: Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón.

I.E.S. “Abrente”: Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón.

I.E.S. “O Ribeiro”: Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: por unanimidade fica dictaminada favorablemente”.

De seguido sométese a votación ordinaria a aprobación ou non da proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

## **5.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.**

Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

“ O P.P. propón o Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte acordo:

Rechazar de maneira rotunda o proxecto de “Parque Empresarial da Basura” previsto para Carballeda de Avia”. Ribadavia, 30 de novembro de 2006.-

Intervén Don Marcos Blanco Jorge, Alcalde-Presidente do Concello, para sinalar que o que se propón non ten pes nin cabeza; sinala que desta cuestión levase falando dende fai tempo e non é un parque da “basura” como se prantexa na moción; di que non ten inconveniente en que unha vez se recaben datos sobre dita instalación, o Concello faga un pronunciamento despois do seu estudio na vindeira comisión informativa, polo que lle solicita o voceiro do grupo municipal do P.P. que deixe sobre a mesa a moción presentada.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para dicir que lle parece excesivo que se tilde de parque da “basura”; di que estivo nas charlas que se están a desenvolver en Carballeda de Avia e reunido cos Directores Xerais, e o procedemento a seguir e a elaboración dun informe de viabilidade do parque para despois facer un estudio económico e o que lle quedou claro é que en dito parque vai haber unha planta de clasificación e separación de materiais, se ben non vai haber incineración.

Intervén o Sr. Gómez Pérez, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para dicir que a denominación do parque vai a ser “Parque Medioambiental de Galicia”.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para manifestar a súa conformidade a deixar o asunto sobre a mesa, sempre e cando haxa o compromiso de estudialo na vindeira comisión informativa, o que resposta o Sr. Alcalde que así se fará.

Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., formula os seguintes rogos e preguntas:

**1º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que se procedese a limpeza das fontes, xa que se atopan sucias con motivo das derradeiras choivas.

O Sr. Alcalde para dicir que consta no Concello un proxecto para a adecuación das mesmas.

**2º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde se proceda o vaciado da fosa existente na Foz, xa que está chea e produce olores.

**3º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que se proceda a reparar os elementos danados na área da Veronza (Mesas, porta de acceso, zanja sen pechar...).

**4º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde se poña en funcionamento o alumeado dos campanarios das igrexas.

O Sr. Alcalde manifesta que se procedeu a súa reparación e volveranse a encender cun horario razoable..

**5ª ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde se procedese a reparación da Pasarela da Foz. e que se repuxese a farola nas inmediacións da Fonte da Prata.

**6º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que se procedese a limpeza das rúas os domingos xa que nestes intres hai persoal e o pobo nunca estivo tan sucio.

O Sr. Alcalde dí que o servizo de limpeza traballa de luns a domingo; dí que pode haber problemas puntuais, se ben non é como vd. está a dicir. Finaliza a súa intervención dicindo que o que está a manifestar corrobórase coas enquisas os turistas, onde se alaba a limpeza de Ribadavia.

**7º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde lle recorde o concelleiro de obras públicas o estado no que se atopan algunhas obras municipais xestionadas por el, como por exemplo a abastecemento a Santo André, obra con deficiencias, obras da Mancomunidade Turística de 2004 e 2005 aínda non concluídas, a rúa Extramuros, desagüe nas inmediacións da Depuradora de Francelos, que lle recorde que foi o autor da feliz idea de que a obra de Merelles Caúla a faga a brigada de obras co traballo que ten pendente a mesma en todo o Concello, cando dita obra podíase facer por unha empresa privada; dí que é o concelleiro máis incompetente e máis figurante que hai na Corporación, indicando que a maioría das obras están sen rematar e as rematadas teñen defectos. Finaliza a súa intereención ro gandolle o Sr. Alcalde lle recorde o concelleiro de obras que cando se acodou a adicación exclusiva do concelleiro de Persoal e Tráfico, comprometeu o seu apoio a mellora dos servizos, e os resultados estan a vista ( problemas de limpeza, trafico e incumprimento da normativa de tráfico).

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que todas as obras que se conqueren están a ser xestionadas polo Sr. Concelleiro de obras, en concreto as obras do Castelo, Museo do Viño de Galicia, rúa Carballiño-Ribeiro, rúa Banda Lira, Praza Maior, Extramuros, Merelles Caúla, Trasmesonas, Ambulatorio... Finaliza a súa intervención dicindo que o Sr. Carreira Sebío da estabilidade a un goberno co obxectivo de que Ribadavia vaia ben, no como vd. que coas súas actuacións produce inestabilidade no Concello.

**1º PREGUNTA.-** Interesalle saber que xestións se levan feitos dende a Alcaldía coa Vicepresidencia da Xunta para a posta en marcha en Ribadavia dun Centro de Día

Resposta o Sr. Alcalde: Fixéronse varias xestións, en concreto relativas a Residencia de Ancians; di que consta no Concello un informe técnico da Vicepresidencia da Xunta indicando que o actual Asilo non cumpre a normativa e a dificultade para o seu cumprimento, polo que se propón a construción dun novo centro; di que o Concello está elaborando un anteproxecto que recolla a residencia de ancians, un centro de día e unha sala de fisioterapia co obxecto de presentar en Vicepresidencia.

**2ª PREGUNTA.-** Interesalle que xestións se levaron a cabo para a construción dun novo cementerio.

Resposta o Sr. Alcalde: As xestións están feitas o que falta e aprobar o P.X.O.M. para que urbanisticamente sexa posible.

**3ª PREGUNTA.-** Interesalle saber que xestións se fixeron en relación coa moción presentada polo seu grupo para a realización de varias rotondas na Vila.

Resposta o Sr. Alcalde: As rotondas están incluídas no P.X.O.M. e de feito fixéronse xestións cos organismos, se ben algunha delas dependerá do futuro enlace da Autovía co Concello de Carballeda de Avia.

**4ª PREGUNTA.-** Interesariálle saber unha data para a apertura da Estación de Autobuses de Ribadavia.

Resposta o Sr. Alcalde: Formalizouse un convenio, a seman que ven comenzarán as obras, estando prevista a súa inauguración antes do 31 de decembro.

Intervén o Sr. Sotelo, para solicitar que igualmente se fagan xestións coa RENFE para que non desaparezan as paradas de trens en Ribadavia.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que as paradas virán determinadas en razón da demanda existente.

**5ª PREGUNTA.-** En relación coa Praza de Abastos, di que cada día hai menos industriais, polo que lle pregutna se dende o goberno se está buscando algunha solución.

Resposta o Sr. Alcalde: Dí que é certo o que manifesta, polo que está disposto a reunirse con tódolos grupos presentes na Corporación para estudar o asunto e buscar unha solución.

**6ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cando se lle vai a solucionar o problema de auga os veciños de Val de Pereira e Ventosela.

Resposta o Sr. Alcalde: Buscarase unha solución o máis rápido posible se ben a obra que hai que realizar é cuantiosa e haberá que incluíla nos Planos Provinciais.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para dicir que haberá que darlle máis presión, o que reposta o Sr. Alcalde que non se pode xa que rompe a tubería.

**7ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cando se van as facer as reparacións da rúa Extramuros.



Resposta o Sr. Alcalde: Nese tema atopase traballando o concelleiro de obras.

**8ª PREGUNTA.-** Interesalle saber onde de están almacenando as pedras que se están a retirar da rúa Mérelles Caula.

Resposta o Sr. Alcalde: As pedras estanse depositando no Campo da Feira.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para dicir que onte un camión levou media ducia deleas; di que non entende que se depositen no mesmo lugar que antes criticaban cando o fixo o anterior grupo de goberno.

O Sr. Alcalde, di que non é certo o que di o Sr. Sotelo Barroso en canto a falta de pedras; en canto o depósito, di que ten carácter provisional e que as pedras están numeradas para a súa posterior colocación.

**9ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cando se van a repoñer as baldosas soltas existentes en diversas rúas de Ribadavia (Rosalía de Castro, Avda. de Redondela, zona chalets etc....).

Resposta o Sr. Alcalde: Por parte da brigada de obras estanse a facer ditos traballos, non obstante comprobarase e se é así repararanse.

**10ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cando se vai a reparar a pista de Subida o Castro sita en San Paio.

Resposta o Sr. Alcalde: Estase pendente de reparar debido a caída dun muro nas inmediacións da zona.

**11ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cando se vai a proceder a reparar o paseo do río ata Francelos, xa que se atopa impracticable.

Resposta o Sr. Alcalde: Días pasados mantivo unha reunión con responsables da Confederación Hidrográfica polo que visitou o paseo e non se atopa como vd. está a dicir; di que hai algún burato ocasionado con motivo das choivas e en canto veña mellor tempo procederase a súa reparación.

**12ª PREGUNTA.-** Interesalle saber canto lle costou o Concello o pleito coa Mancomunidade pola adxudicación do matadeiro; di que con isto quere facer unha chamada a conciencia, sobre todo cando non se ten razón.

Resposta o Sr. Alcalde: Descoñece o custo nestes intres, se ben o que coñece e o que ten que pagar o Concello con motivo de encargos de proxectos e outros non executados, realizados polo anterior grupo de goberno.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso para solicita que se demostre que eles encargaron os proxectos.

**13ª PREGUNTA.-** Interesalle saber se o Concello vai a seguir sen consenso de tódolos grupos coa proposta de ubicación do ambulatorio na zona do Campo da Feira.

De seguido manifesta a súa queixa polo trato recibido nos plenos polo Sr. Alcalde, impidíndolle nalgúns casos o uso da palabra, comportamento que lle sorprende sobre todo nunha persoa que presume de talante e de progresista.

Resposta o Sr. Alcalde: No seu momento prantexáronse dúas ubicacións, unha na N-120 que se plasmou no P.X.O.M. e outra no campo da feira, di que o informe do Sergas descartou a primeira e considerou idónea a segunda e por iso se entablaron as negociacións cons propietarios afectados; di que lle gustaría que houbera consenso de tódolos grupos, xa que con esta dotación crearase unha zona de expansión de Ribadavia, que conlevará a apertura de rúas e zonas verdes.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, para dicir que o seu grupo non está de acordo coa ubicación prantexada, pensa que habería que buscar outras posibilidades e anuncia que o seu grupo vai a facer todo o posible para que o ambulatorio non se faga alí.

O Sr. Alcalde, di que o que está claro e que o P.P. non quere que se faga un novo ambulatorio nos terreos prantexados no Campo da Feira.

Concluído o anterior, ás nove e vintecinco da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

